





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 18715**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona María Tereixa Paz Franco, sobre “**a natureza da exposición Auga Doce**”, (publicada no BOPG número 237, do 13 de febreiro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A historia de Galicia está ligada ao auga. A auga salgada do mar, a doce dos ríos e a mineromedicinal e termal que brota da nosa terra son elementos que conforman a identidade galega

Galicia conta cunha marabillosa costa con máis de 800 praias, -127 de elas co distintivo Bandeira Azul- que converten o noso magnífico litoral nun recurso variado que amalgama os acantilados mais altos da Península Ibérica coas augas mais tranquilas do vello continente, navegables dos 365 días ao ano.

A auga tamén está no interior, os ríos galegos transcorren por agrestes paisaxes entre bosques de diferentes tipoloxías ou abruptas montañas formando un panorama diferente que se engrandece cos seus espectaculares cascadas e humidais.

Pero se existe unha auga que caracteriza a Galicia, esta é a auga mineromedicinal e termal. No noso solo están catalogadas mais de 300 captacións, o que conleva a existencia de una por cada 10.000 habitantes, polo que hoxe constitúe un recurso estratéxico para a nosa comunidade.

En definitiva, a auga en Galicia é un recurso diferenciador que ven desenvolvendo unha importante labor tanto socioeconómica como dinamizadora da nosa economía.


Dada a importancia da auga en Galicia, estase a traballar na exposición Auga Doce promovida pola Xunta de Galicia. Esta exposición enmárcase nos actos conmemorativos do VIII Centenario da Peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago de Compostela. Polo que este acontecemento, que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado do 2013 declarou de excepcional interese público, ten como obxecto poñer en valor os recursos hídricos da nosa comunidade ao tempo que invita a reflexionar sobre a auga dun modo transversal, abordando a súa importancia en campos tan diferentes coma a ciencia, o arte, os sectores productivos ou a tecnoloxía.

A exposición, que será desenvolvida na Cidade da Cultura de Galicia, estará aberta ao público dende marzo ata setembro deste ano. Este proxecto expositivo contará cunha programación didáctica e difusión complementaria, contén diferentes expresións artísticas dende pintura escultura ata ou fotografía entre outras, complementado cun enfoque poliédrico que vai dende pezas arqueolóxicas, artes decorativas e cerámica ás aplicacións industriais ou termais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2014

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia